

# REXURDIMENTO

Redacción e Administración

Prza dos Irmãos García  
Naveira, núm. 22

BOLETIN QUINCENAL

ORGAO DOS INTERESES MARIÑAS

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Betanzos, trimestre . . . 0'80  
Fora da localidade . . . 0'90  
Exomprar . . . . . 0'10

ANO I.

Betanzos, 1.º d'Outono do 1922.

NÚM. 5

## PASQUIAS

Marrocos non'os intresa nin espritoal nin económicamente; preocupáanos porque nos leva mozos a morreren aló coma porcos e nos leva o froito do noso suor.

Castela nin espritoal nin económicamente fai máis que nos perxudicare: roubándonos a i-alma e o diñeiro, amén de aldraxarnos aínda con caloñas e de nos impór o pan caro.

O mesmo socede con Cataluña—agás o dos aldraxes—que serve pra facernos carregar c'os seus panos, caros e cativos, cando frente a nós témol-os ingresos.

O mesmo con Euskadi que nos fai mercar á forza os seus ferros.

O mesmo con Asturias que nos obriga ao uso dos carbóns carísimos.

O resto das terras hispanas son'os indiferentes, Galiza esmorece e salaia esmagada baixo ese peso morto.

Cando os sindicalistas hespañoles falan do problema económico son simplistas d'abondo.

Un sindicalista catalán, por exemplo, non pode ser coma un sindicalista galego. Porque os problemas que se l'ofrecen ao sindicalismo resultan difrentes en ambas terras.

Aló a industria permite a esixenza do control, verbigracia. Acó, non, agás n'uns poucos casos.

Pol-o mesmo o sindicalismo en cada «rexión xeográfica» ten que se axeitare a modalidades difrentes.

E o sindicalismo tampouco pode ser alleo aos problemas peculiares de cada terra. Porque supóndoo triunfante na Hespaña, o seu triunfo só podería afincarse nos pobos de riqueza e progreso. N'unha Galiza como a de hoxe non xurdiria aínda que o imperialismo do proletariado fose un feito. E si xurdira en Cataluña, a Cataluña sindicalizada, aínda sin ela o querere, continuaría, coma o Estado burgués da actualidade, sendo esmagadora da nosa economía.

Aos sindicalistas galegos, pois, convénlles que o nazonalismo eiqui se imponha. Imposto o nazonalismo, o sindicalismo tería o instrumento de riqueza perciso pra o seu desenrolo. De non, aínda coa ditadura sindical, os galegos veríanse obrigados a seguiren emigrando e vivindo ruinmente. D'un instrumento esnaquizado imposibre que salla á harmonía.

Obreiros das nosas

vilas que nos vosos fogares falades galego coma o falaron vosos pais e abós: poñervos en guarda cando oyades ás vosas fillas espresárense en castelán pol-as rúas; porque ese castelán pode ser o talón d'Aquiles por onde se fagan vulnerabres pra as cubizas ruins dos señoritos.

Se as fillas dos nosos obreiros falasen en galego pol-as rúas, cecáis fóralles millor. Porque entón somentes os do seu igoal gostarían da súa compañía. I-entón elas non desprezarían ao do seu igoal pol-o señorito... I-entón o celestineo tería menos choyos e o amore legalizado máis nidos. E até evitaríase que moitas fillas de traballadores cando estes

## DOS CANTOS INDECISOS

A alma, eis a tristeza;  
Eis a alegría e a dôr...  
A luz que dá relevo a toda a Natureza  
E a sombra em que se esfuma todo o amor...  
A alma é estrela palida e sosinha,  
En nuvens escondida;  
Un resplendor que apenas se adiyinha...  
O vago, a transcendencia,  
O que ha de aparición no seio d'aaparencia  
A vida além da vida...

*Teixeira de Pascoaes.*

áchanse n'unha loita societaria pensaran en burgués, inconscientemente, infruidas pol-as compañías.

Ser nazonalista galego e non edncar aos fillos en galego é pior que chamarse vexetariano e protetor dos animaes, practicando ao mesmo tempo a antropofaxia.

Os nazonalistas queremos ser a espina dorsal da nova Galiza: que non se dobregue nunca, coma se dobregaba a da vella.

A VILLAR PONTE.

## Rapaz novo, para i-escoita...

*Pensa un anaco na túa condición de cidadán galego; pensa que a Patrea escravizada pol-a barbarie d'un centralismo noxento, ten dereito a eisixire teu sacrificio e axuda; pensa na inutilidade da túa vida de señorito vilego, gastada en mullereiras paroleries de Club.*

*Si en elo pensas, e non tes aínda capada a i-alma, veraste alumeado por unha santa rebeldía; sentirás unha dōrosa xenreira contr' as xeneracións pretéritas, que legáronche a Galicia co-a súa persoalidade esvaida; co-a fala esquecida ou misturada; o nome sagro de galego coma aldraxe é algús fillos que fai tanto tempo que deixaron de ser homes e agora teñen com'a honor seren escravos,*

*Pensa tamén, que si non prestas túa axuda, cando no non lonxano porvir, as nazonalidades ibéricas haxan recobrado a súa persoalidade, si non loitache pol-a relexión galega, os galeigos videiros, chamarante cobarde e ceibarán, xustamente, sobor de tí, as máis feras maldicións, porque en troques d'unha Galicia grande deixache en herdo unha Galicia escrava n'un concerto de pobos ceibes. ¿Ou, non tes medo a maldición dos teus fillos?*

*Non te fixes na túa falla de sabidencia; pra salvar a Galicia non abonda con homes de cencia; percísanse homes de vountade. No teu caso atopámonos moitos: illados, non temos valor; xuntos, temos a inmensa forza que dá a unión e a fe nos ideaes.*

*Si vés a nós, non agardes loureiros nin gabanzas, porque enxerguemos que non os merece quen cumpre un deber. Non terás a pobre satisfacción da vanidade que se pecha en bombos xornaleiros: máis terás a outa satisfai-*

*ción do esprito, de poder decire que co teu grau de area axudache a formare a pedra fundamental da persoalidade galega.*

*Galego mozo, si eres home, ven a nós.*

F. A.

## ENCOL DO NAZONALISMO

### I



Os nazonalistas son hoxe un fato de xentes que se cinguen con esforzo pra lograr a afirmación da persoalidade galega; qu'arelan qu, a cencia, o arte, o pensamento, a facenda, o dereito, en fin, todol-as ponlas da sabencia, as manifestacións todos da i-alma coleutiva, sexan na Galiza «esencialmente galegas» e esprésense na nosa fala.

Queren os nazonalistas rematar pra sempre a vergoñosa tutela que Castela i-a cultura castelá exercen sobor da nosa terra, erguendo o sentimento galeguista—misturado unhas veces, amodorrado outras, mais endexamáis morto—e poñer no cume o vasto edificio da cultura propia, que n'un futuro non lonxano encauzará as enerxías do noso povo pol-os camiños qu'a tradición e as características raciaes ll'asinan. Quere, asimesmo, unha ampla autonomía política i-administrativa c'ouxeto de poder resolver «en gallego» os problemas galegos, sin qu'inxerenzas eistranas éternicen os por incompreensión.

O nazanalismo o a nova eispresión d'un estado de concencia, decote latente na i-alma galega, misto d'odio á casta dominadora e de forte desexo redentorista, cuxas palpitacións recolleron, especialmente, nosos poetas, e fono bandeira e guía, na derradeira centuria e comenzos d'aitual, da abnegada falanxe dos precursores—Antolín Faraldo, Mártires do Carral, Alfredo Brañas, Murguía, etc.

Máis qu'axugada política, ata a espiritual. A primeira é ligadura quebradiza, superficial, que calquera accidente racha ou desata; a segunda é fazo sólido que determina eterna independenza. Polonia sometida, endexamáis foi rusa; América ceive, sigue sendo castelá... Ceivar a i-alma da Galiza das poutas da influencia de Castela, é tarefa primordial do nazonalismo, é tamén súa mellor xustificación.

O tesouro espiritual da Galiza fica virxe. Só a poesía—seguramente por especial lirismo do idioma—logrou eiquí eispresión desenrolo. O mesmo arte (arquitectura e escultura) cando ten modalidade propia, é obra homilde d'artesáns; endexamáis froito da minoría selecta educada en Castela. A pintura galega non eisiste ou eisiste falseada; noso paisaxe espera aínda o artista xenial qu'o interprete. As disciplinas científicas fono plantas d'estufa qu'o castelanismo afo-gou en flor. O pensamento galego non conquiriu desenrolarse nin eispresarse; os homes cultos escriben en castelán o que pensaron en galego; e de tal amasamento saen obras máis ou menos mediocres.

Os municipios e provincias, coma no son molde axeitado pra recoller as necesidades galegas, nin responden á particular constitución da masa rural, cuxo organismo natural é a parroquia,

arrastran a vida esmorecente de todo o artificioso, reducidas a servir de máquinas produtoras de presupostos e caciques.

No moderno rexurdir das nacionalidades, Galiza debe reclamar o posto que lle corresponde no concerto europeo; debe aportar ao patrimonio da cultura universal, o grau d'areia do esforzo propio. Seus filósofos, artistas, homes de ciencia, etc.; formados na pura canteira da Raza, deben contribuir, c'o seu matiz peculiar, c'a súa personalidade característica, ao hu-

mán progreso. Abonda este deber pra fundar o nazonalismo. Obedece súa existencia a un imperativo categórico da Historia. Créao o medio, a tradición, a necesidade... Non se produce por lucubracións fondas nin por profesionaes da política; rebenta da entranza mesma da Raza, arelosa d'un integral rexurdimento qu'a poña en condicións de cumprir a súa misión histórica.

TOMÁS LOPEZ DA TORRE.

O CASTELAN NO CEO, por Xaime Prada.



— Señor, eu pasei fame e privacións, adiqueime ao misticismo e axudéi á Inquisición.  
 — E traballar (traballache)?  
 — A miña nobreza non mo consentía, ademais dábame vergoña que me poideran chamar galego.

VERSOS  
 de Ramón Cabanillas

Alma nazonal i-ardente  
 canta anque che custe bágoas!  
 ¡Teus cantares son semente!

¡Hasta que os ladróns enxorden  
 entre as cantigas que bican  
 pon as que firen e morden!

Está cativa a roseira,  
 mas, dimpois de tanto inverno.,  
 Galicia ha ter primavera.

Xa sei, xa sei qua fan falla  
 moitas fouces, moitos mistos  
 e moitos feixes de palla!

Axiña esperta Galicia  
 que xa se escupe ós caciques  
 e fai ruxir a inxusticia!

¡Xa o novo día aluméa!  
 ¡Xa a Sociadá dos Labregos  
 ten chouza de seu na aldea!

A noite fría i-escura  
 pro ó fin, o amañescoer  
 trairnos c'o sol a quentura!

¡Patriano, o meu rogo escoita!  
 Eu quero un posto a túa beira  
 no roxo día da loita!

DO ESPERTAR GALEGO

I

Quixera referirvos algo d'aquela época de fis do século XV, na que se debatían as espantosas contendas que andaban a desvastar a Patrea por longos anos. A Historia fala samente do mariscal Pardo de Cela e do conde Camiña, coñecido o derradeiro por *Pedro Madruga*. Nin siquera nomea a terrível morte de Frei Alonso Ares d'Arenillo, beneditino de Sobrado dos Monxes e i-alma d'aquela rexeneración.

Pardo de Cela era seguido de todol-os nobres identificados c'o movemento; Ares d'Arenillo, pol-os cregos de san moral e ardente patriotismo, adeutos á causa dos irmaos galegos.

o Ferrol, que ve tripados os seus dereitos por un

rico-home, c'o consentimento d'El Rei, érguese e arrasa o castelo d'aquel señor. Por outra parte, levántanse pequenas partidas d'artesáns e labregos.

N'aquela guerra morrían os nobres defendendo o seus torreos palmo a palmo, c'a labazada ás costas e os puñales ao peito: algún prelado orando sôbor das gradas dos altares: e os revulzoeiros eispendindo ese dooroso berro de *Deus fratresque Gallicie*.

Imposível de se decir é o estado a que chegou aquela guerra cruel. Os Reises Católicos non se coidaban das cousas da Galiza: deixaban a este povo consumirse por si mesmo na máis espantosa anarquía; e, cando o ven esvaír, interveñen no nome da *Xusticia*.

¡Miserabres! Sobornan uns criados do Mariscal, os que o venden treidoramente na noite do 7 de Nadal do 1483. Des días dempóis foi degolado na Praza Maior de Mondoñedo, sin lle deixar denantes preparar os seus descargos e defensas, nin lle permitir eispoñer a súa derradeira vountade.

Reises e Señores, Fernando e Sabela unificano e centralizano todo.

Privanos da autonomía e rebaixa a nosa persoalidade aquela absorvente monarquía que asoballou a nosa lingua. E d'aquí pódese decir que xurden totalas desgraicias que magoaron a Terra máis de tres séculos.

(continuará)

B. T.

## CATIVECES

A maioría dos galegos padescen manía destructora. No seu desenfrenado afán de destruír, destrúen hasta a súa propia alma.

Matar o galego é matar o noso medio de espreisión. Deixarnos mudos.

Os galegos falando en castelán scmos tateos. Trábasenos a lingoa.

O outro día unha muller galega que agora vive, ou millor dito, vexeta nos Madris, brincaba de ledicia porque un fillo seu de ano e medio tiña acento madrileño.

Na actualidade, a maioría dos galegos non son merescetes de teren nascido na Galicia.

Case que todos os galegos que non queren falar no noso idioma dicen: «daquella» «iluego» «el leche» e outras verbas pol-o xeito.

Hai galegos e hai nascidos na Galicia.

¿Qué ganará a humanidade conque o galego morra? Nada,

En troques si vive e se vigoriza pode ganar moitísimo. En galego pódese crear unha nova e máis sólida civilización.

Mentras os de fora dicennos que conservemos e fagamos xurdir as nosas cousas, dentro da casa faise canto se pode por as esnaquizar.

VICTOR CASAS.

A Cruña.

## DEPORTES

# DE FOOT BALL

O domingo 17, foi á Cruña o primeiro tean do noso equipo de futbol, onde xugou un partido amistoso co equipo coruñés «Tomasiño F. C.», partido que tuvo por ouxeto, devolverlles a visita que nos fixeran o domingo anterior, e ver de desfacer o empate de aquel partido.

No primeiro tempo xoga «Betanzos» contra vento e en xeneral domían os coruñeses que logran marcar o primeiro e último tanto. Castígase ao «Betanzos» neste tempo con tres corners e un penalty que vai fora. Reanudado o xogo sin descanso entr'os dous tempos, xogan os nosos con todo empuxe e valor, conquerindo domínar constantemente aos coruñeses; proba d'elo, e c'as nosas defensas están sempre no medeo do campo, donde non pasa a pelota, así e todo sóo conquerimos marcar un goal e volve a quedare empatados.

Chamóunos moito a atención, que arbitrara o partido un señor que entende tanto de futbol como eu de griego, e, naturalmente, ao non conecer o xogo, a consecuencia e facile de deducir. Recomendamoslle que mentras non se poña ao tanto destas cousas, non volva a arbitrar ningún partido, aínda que permitímonos recomendarlle que deixe esto do futbol, pois hainas que d'aprender de cativos; e cando á sua edad non hai máis conecimento, e dificil d'adequerilo.

O porteiro coruñés, é un xugador, si se quere has-tra bon, aínda que ten un xogo bastante «sucio» ocasionando altercados que foron causa de que estivera o partido suspendido por varias veces. O resto dos xugadores coruñeses moi ben.

Dos nosos non queremos falar hoxe.

\*\*

O encontro habido o domingo 24 entre o «Sporting Galicia» do Ferrol i-o «Betanzos F. C.» foi un trunfo pra o equipo local. Encomenza o partido arbitrando Blanco (E.) á hora indicada e os ferrolans que elixen campo fan-o saque. Xogan os nosos contra sol. Aos dous minutos de començar, e na primeira arrancada dos ferrolans, o extremo dereita d'eles centra con tan boa sorte que pon a pelota na redé. Enterámonos cando-o réferé fai sacal-a pelota do medeo do campo. Foi iste o primeiro e derradeiro goal dos ferrolans.

Sacan os nosos, i-envalentonados os ferrolans por iste tanto, arremeten i-atacan con bríos, faguendo traballar a defensa do equipo local, á que inutilmente tratan de salvar. Axiña vese que troca o xogo de aspecto e da defensiva pasan os nosos á ofensiva, le-


## DIAMANTES AMERICANOS

REAL, 24.-A CRUÑA

A casa máis importante de **ÓPTICA** da Galiza

ENVÍOS CERTIFICADOS A PROVINCIAS

CATÁLOGOS GRATIS A QUEN OS SOLICITE.



Pol-o  
agasallos  
tirbutar,  
a varude  
tida entr  
e o reda  
camarada  
unha neg  
combatir

vando ó xogo ó campo dos ferrolans. Sin interrupción casi, mantéñse o xogo neste campo, onde o noso avance, non conquire colocal-a pelota na rede por máis esforzos que fai. Tírase un corner sin resultado contra os ferroláns e sin outras incidencias remata o primeiro tempo.

Trocadol-os campos reanúdase o partido arbitrado iste segundo tempo por Tomás Cordero, da Cruña.

Dende o primeiro momento, hai un dominio tan absoluto dos nosos, qu'as nosas defensas interveñen en mui contadas ocasións, e soio pra lanzal-a pelota ao avance, que é o único que traballa; aínda non respondendo seus esforzos a número de tantos, Tíranse dous corners contra o «Sporting» sin conquerirse nada. Continúa o dominio dos nosos, e tan compreto que a pelota está salindo a cotío de goal. Un pase do centro dianteiro Pita (J.) e rematado de cabeza por Suárez (M.), que conquire colocal-a pelota na rede, valendo o primeiro tanto pra os nosos. Sacado de novo o balón do centro pol-os ferroláns, é colleita inmediatamente por noso avance, que a leva hastra a meta contraria, onde se forma unha «meele» sin ningún resultado. Sigue o dominio dos da casa e un pase do centro dianteiro ao extremo dereita Candal (J.) e centrado por este con tal precisión que val o segundo tanto pra o noso equipo,

Sacan outra vez os ferroláns e aos dous minutos de reanudál-o xogo remata o partido.

Observamos n'este o mesmo que nos partidos anteriores, primeiramente: unha gran decolación n'algús equipiers, resultando, claro está, seus esforzos nulos, na maior parte das xugadas: non consiste en dare moitas patadas e estar en todol-os lados do campo, sinón, precisamente, en saber gardalo posto, e este defendel-o ben.

O pase alto que practican nosos dianteiros, aparte de non sere seguro por poder collel-o os xugadores contrarios, e mais lento e facilítase con el a defensa. É moito máis rápido, máis seguro e de máis precisión o pase baixo (de rastreira) practicado pol-os mellores equipos nacionaes. Consecuencia de esta clas de pase é a dificultade no «chut» o que con esta maneira de xogo é difícilísimo; d'ahí que en todol-os encontros non poidéramos acadar maior número de tantos, aínda domiñando decote aos contrarios.

Podíamos indicare algús cambios de posto, a eliminación d'algún xugador do primeiro team, e comentar o xogo d'algún d'eles por vere de mellorar, d'este xeito, o equipo; pero non queremos ferir susceptibilidades. Pro ante todo urxe a corrección do xogo no avance.

UN DEPORTISTA,

## A persecución contra o xornal «La Zarpa»


Pol-o *terribel* feito de non mostrarse d'acordo c'os agasallos e homenaxe que os bugallistas ouresáns van tributar, agradecidos, ó seu querido xefe e *amo*; e ter a varudeza de publicar un extracto da conversa sostida entre o poncio que padece a cibdade das burgas e o redaiter-xefe de «La Zarpa» noso bó o amigo e camarada Roberto Blanco Torres, na que este dou unha negativa rexa á promesa que ll'eisísia de non combatir a banquetada que se proyectaba; foi reco-

lleita a edición do número correspondente ó vinte do aítual e multada a empresa dona do querido colega, que como nosos lectores non descoñecerán ven señalándose a cotío pol-a valentía con que loita en favor da causa galeguista e pol-a rexa defensa que fai das arelas do agro da Terra.

É verdadeiramente vergoñoso que a liberdade da prensa estea á mercede do capricho ou dos compromisos persoás de certas autoridades pr'as que estarían mellor indicados certos postos.

Os xornaes todos sin distinción de carácter e matís ergueron o berro en protesta de medida tan arbitraria.

Nos engadímonos a iles e testimonianos o querido colega noso pesar por iste contratempo ó mesmo tempo que lle infundimos alentos para á prosecución de tan xustas campañas.



A. VILLAR PONTE

Visto por Cebreiro.

## FOGUETES

### Os ¡vivas! d'un vivo

Iba Ramón o Retorto	i-el n'acougaba a berrar:
tras o enterro de Xavier,	¡Que viva o morto! ¡Que viva!
berrando a máis non pode:	
¡Viva o morto! ¡Viva o morto!	—¿Pra que das os berros esós?
	—o crego lle preguntou—
Cando no buraco iba,	—Porque o fillo se marchou
mandoull'o crego calar,	debéndome vinte pesos.

MANOEL ROEL

Guisamo.

Lea vostede "REXURDIMENTO"

# LEDAS NOVAS

N'istes días véñense celebrando en distintas vilas e cibdás de Galiza homenaxes e festexos en honore a diversos artistas i-escritors galegos có motivo de recentes trunfos obtidos por istes fora da Terra.

Todol-os xornaes e críticos d'arte adicaron verbas de gabanza á brillante e numerosa falanxe d'artistas galegos que iste ano destacaron d'un xeito eisprendente na Eisposizion de Bellas Artes.

N'istes momentos d'eisaltazón do arte galego e de recoito de valores do resurxir de Galicia, apersúranse os povos donde viron a lús istes homes, que tan outo poñen o nome da Patria, a festexalos como nais amorosas i-agradecidas que saben como os trunfos que o xenio e talento que seus fillos conquiren, recae tamén directamente sobor d'ilas.

Por iso é Cambados quen fai poucas datas rindiu tributo d'amirazón e cariño ó xenial Asorey, que coa súa recente i-admirabel produción «Naiciña» fíxose acreedor unha ves máis ó calificativo de escultor da Raza; pois tan só as meigas maus do xenial imaxineiro, poden plasmar fidelísimamente no barro, no bronce e na madeira, toda a nosa complexa psicoloxía i-as nosas características étnicas.

Vigo e Vilagarcía festexaron tamén ó ilustre arquitecto Palacios, a quen deben as máis xurdias cibdas da Hespaña, todo o meirande da súa parte moimental moderna. Iste gran artista que tan ben sabe compaxinar a fastuosidade e beleza coas características típicas do pazo racial nas súas típicas conceucións; ten ideado un vasto pran d'urbanización e fermoseamento das principás urbes galegas, cuió estudo propónse levar a cabo axiñamente e co maior desinterés.

Ferrol rindiu a seu predilecto fillo o inmenso Sotomayor o homenaxe de que era merecente; descubrinto unha lápida de mármore na casa donde nacéu, e adicándolle outros agasallos. Da acertada xestión do noso ilustre conterrráneo ó frente do Museo do Prado e dos seus recentes eixetos pictóricos nada cabe falar pois non outra cousa era d'esperar do insuperábel pintor do xesto e da i-alma dos tipos da Terra. Fai xa tempo háchase en preno dominio das súas prodixiosas facultades artísticas, e é considerado como unha das máis outas grorias ibéricas.

O feiteiro lenzo «Rías Baixas» que alcanzou a máis onta recompensa na mentada Eisposizion e do que xa e impoible facer apoloxía algunha, pois aparte o intachabre tecnicismo con que está executado, tuvo o meigo poder de marcar, d'un xeito definitivo, o trunfo do paisaxe galego todo pracidés e saudosa tenreza sobor do paisaxe meridional todo color e irsutez; da nosa luz tamizada e adormecedora sobor do sol cegadar do sur, do noso chan nórdico tapizado d'erbiñas e de verdor sobor da poirenta prancie castelá, da nosa chuva mainiña e criadora das nosas montañas d'encantamento...; estaba reerorando un xusto homenaxe pra o bruxo que sabe refrexar co seu pincel todo isto; i-entendendoo así os elementos da máis representazón e valía na Cruña, seu povo natal, organizaron un banquete, no que se demostra, unha ves máis, canto se lle quer ó ilustre Llorens.

Johan Luís, que alcanzou unha outa e merecida distinción na Exposición dita co seu cadro «Ofelia

aldeana», foi tamén entusiastamente festexado por seus paisanos o santiagueses.

*Un distes días agasallarán tamén na Cruña c'un banquete seus admiradores ó inspirado novelista Fernández Florez, co onxeto de celebrar o boa acolli-da que, como de costume, dispensou o púbrico i-a crítica ás súas derradeiras publicaciós literarias. Iste brillante escritor e formidabel humorista chegou ó cume en prena xuventude, pois como os nosos leitores saben, é hoxe unha das firmas literarias que se cotizan máis outamente, habendo sido traducidas varias obras súas a numerosos idiomas extranxeiros. ¡E un brillante escintilar do xenio da Raza!*

Por falla de espacio véronos hoxe na imposibilidad de dar detalles do viaxe do presidente da República portuguesa ó Brasil de que xa nos ocupamos; viaxe que constituie ante o mundo enteiro unha solemne afirmazón do amor e solidariedade espiritual e material que enlaza a istes povos irmaos nosos.

## DE SOCIEDADE

Fai uns cantos días partiu para Madrid, onde s'atopa, o noso querido compañeiro Lois Cortiñas. Dentro de moi poucas datas teremos o gusto de o ver outra ves entre nós.

Tamén onte marchou para a mesma vila o noso distinto amigo Alfredo Peña.

Hoxe e mañán deixarán tamén a Betanzos un fato de rapaces qu'estudian en Santiago. Desexámoslles moitas prosperidas nas súas respectivas carreiras, e moitos azos pra levar a cabo fondos estudos.

O día 25, de madrugada, verificouse o enlace da encantadora señorita Mercedes Fernández Varela c'o xoven e reputado doitor en Farmacia, don Xesús Couceiro Núñez.

A boda celebrouse no altar maior da eirixa parroquial de Santiago, que s'achaba escintilante de luz eléctrica e cera.

Deu a bendición aos novos esposos o virtuoso e ce-loso párroco don Manoel Barreiro. Foi madriña dos contraentes doña Xesusa López, aboa da noiva, a que era representada pol-a formosa neta Elvira; o padriño foi o irmao da noiva, don Luís Fernández Varela. Serviron coma testigos don Xosé Fernández Varela, don Antón Núñez Díaz, don Julio e don Lois Couceiro Núñez.

Asistiron á cerimonia, ademais, a señora viuda de Fernández Tenreiro, a señora de Núñez Díaz, c'a súa filla Carmiña, a señora viuda de Lago c'a súa filla María Loisa. Tamen s'atopaba, entre todos a irmá do noivo, María Couceiro.

Os novos esposos saíron pr'as súas posesiós de Fio-bre. Desexámoslles moitas felicidades e toda clas de venturas.

No enterro de don Johan San Martín Patiño, que se verificou o 21 do pasado, deu o povo mostras do aprecio que tiña pol-o csmpetente médico, a xusgar pol a gran cantidade de xente qu'iba n'el.

A redacción d'este xornal, manda a familia do ilustre morto a manifestación do seu sentimento.

## Novas locaes

Por blasfemia, embriaguez e insulto ao Guardia de Seguridade n.º 135, foi detido, o día 20 do pasado, na Estación do Povo, o veciño de Montellos, Antonio Vázquez Carro. O tal suxeto foi posto á disposición do Gobernador Civil da Provincia.

Mellorado da doencia que fai días viña padecendo, començou a prestar servizo o Guardia de Seguridade don Manoel Prado Yañez.

Congratulámonos da melloría do competente funcionario.

### ¿QUÉRE FACER ECONOMÍAS?

MERQUE NA CASA

## ABARRÁTEGUI-BONOME

Pañería, Lanería, Pañolería, Paquetería, Camisería, Lencería e demais tecidos.

Sáncos Bregua, 3 (Soportás d'a Praza)

## BETANZOS

Nos días 27, 28 e 29 do pasado, foron moitos os romeiros que concurriron á tradicional festa dos «Alborotados». O 28, sobor todo, chamóu a atención a gran cantidade de familia que en Betanzos s'axuntou, agás a pertinaz chuba que non paróu en todo día.

Moitos dos romeiros que viñeron a Betanzos o día dos «Alborotados», queixábanse enerxicamente da falla d'atención que tiveron por parte dos empregados das estacións en que embarcaron. A algún cobráronlle billete hasta Betanzos e díronlle samente hasca Pontesdeume, non deixándolle logo o revisor pasar máis acó d'esta vila.

Si son certas as queixas, protestamos rexamente de feitos tan incalificables.

### REFRÁN DO SETEMBRO

San Migueliño das uvas maduras, tarde vés e pouco duras.

## NA RÚA DO VILLAR

—¿Esamináchete, por fin?

—Fai un instante.

—¿E que tal?

—¡Perfectamente! Dixéronme que podía ir a xantar, seguro de que no mundo enteiro non s'atopaba mineral máis duro c'a miña testa. Podes calcular coma saliréi.

—Sobresaliente, o menos.

—¡E natural! ¿E tí?

—Non sei; pero é doado que teña que renunciar ao premio. ¿Que che parece que me dixo ese animal dos lentos?

—Calquera cousa.

—Que son a calamidade meirande que conocéu; que si me chega a pescar Linneo, non chama ao home *homo sapiens*.

—A verdade é que os dous lucímonos.

—En fin, cansaránse de nós suspender. Ti ¿quédaste? Vou ver que fai Pilar.

—Pois eu á casa, e logo iréi ver a Lola. ¿Con tal de qu'elas non nos suspendan!

—Tés razón. ¡A gozar!

—¡A vivir! ¿Qué importa ao mundo qu'haxa dous melós máis?

A. C.

(SIN BAÑO)

O producto científico  
ESTEAGENOL LAFONT

## SARNA

é o remedio soberano contra a SARNA. Sólido, de grato olor. Precio 1'50. En todas as Farmacias e Droguerías de Hespaña e Norte d' Africa, e na casa da Viuda de Lafont, Cantón Grande, 39,

(SIN BAÑO)

BETANZOS

### BRIGANTINOS:

Si queredes mercar mobles baratos, visita de a nova sucursal do Bazar e Almacén de mobles da rúa do Valdoncel, núm. 43, onde atoparedes os oñxetos que deseades a precios moi económicos.

Casa central:

FERNANDO LAGO

Panadeiras. 16. CRUÑA.

## LA VERDAD

e paniños, todol-os días dibuxos novos. Verdadeiro derroche en lenzos e xéneros brancos.

SALDO DE RETALES E XÉNEROS DE PUNTO  
PRECIO FIXO

VALDONCEL, 2

## PAQUETERÍA, QUINCALLA EL GATO NEGRO

— PRECIO FIXO —

### Viuda e fillos de Valerio Núñez

Casa especial pra ouxetos d'adorno e fantasía.

Louza e bateiría de cocíña.

Vidrio cha e oco. Pinturas e barnices.

Venda eiscrusiva da KROMINA.

Venda eiscrusiva dos cementos marca «ANCORA» dos fillos de Rezola de San Sebastián.

Materiás de construción.

RUATRAVESA, 35 E 37. TELÉFONO, 15

**BETANZOS**

Antigua casa establecida no ano 1879.



## ZAPATERIA DO CANTON

A que máis surtido ten.

A que máis barato vende.

Compre vostede ali.

## JOSE IGLESIAS MASDIAS

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA

Praza da Constitución, 2.

## FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en bateiría de cocíña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros, 19. — **BETANZOS.**

## H. COMERCIO

*Ramón G. Pernas*

(SUCECOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines. — **BETANZOS**

É a millor, máis céntrica i-ecómea da cidade. Visítana os señores viaxeiros e convenceráanse.

Si queredes mercar barato visitade o novo establecemento de

**PANOS, TECIDOS E NOVEDADES**

## R. MONTES

Euatravesa, 2, esquina ós Prateiros. — **BETANZOS**

**PRECIOS FIXOS**

## “HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacén de tecidos e mobles

Sánches Bregua, 2 e 13

Librería, Papelería, Paquetería e Quincalla

Plaza d'Arines. 32.

— **BANCA** —

Compra-venda de valores, xiros, ordres telegráficas e toda crás d'operaciones bancarias.

## FARMACIA E LABORATORIO DOCTOR COUCEIRO

Plateiros, 8 (Frente á Ruatruavesía)

**BETANZOS**

## JOSE FERREIRA

MENDES NUÑEZ, 17

Tecidos nacionaes i-estranxeiros. — Paquetería e Quincalla. — Gran surtido en paraguás. — Por fin de temporada sáldanse etaminas, crespos, sedas e toda crás d'artigos de vran.

Visiten esta casa e mercarán a precios baratisimos

## NOS

BOLETIN MENSUAL  
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripciós n'esta redacción.

Aparellos e accesorios cinematográficos.

## L. GAUMONT

Casa central en París. Representante en Galicia, Xosé Ferreira, Méndez Núñez, 17,

**BETANZOS**

GRAN CASA PAA VIAXEIROS

— DE —  
**JOSÉ BARREIRO REY**

Monxas, 4-A.

Teléfono n.º 44

**BETANZOS**

CONFITERÍA

## Constantino Rábade

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos

Fanse toda crás d'encárragos.

**Imprenta de M. Villuendas, Valdoncel, 50**